



## Guía Docente

Datos Identificativos					2024/25
Asignatura (*)	Bases Pedagógicas e Didácticas en Actividade Física e Deporte		Código	620G01105	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	Anual	Primeiro	Formación básica	9	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Educación Física e Deportiva				
Coordinación	López Alonso, Virginia	Correo electrónico	virginia.lopez.alonso@udc.es		
Profesorado	Gomez Varela, Joaquin	Correo electrónico	joaquin.gomez.varela@udc.es		
	Gonzalez Valeiro, Miguel Angel		miguel.gonzalez.valeiro@udc.es		
	López Alonso, Virginia		virginia.lopez.alonso@udc.es		
	Toja Reboredo, Maria Belen		belen.toja@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Bases conceptuais pedagógicas e didácticas. A educación como proceso de comunicación e modelos pedagóxicos. Teorías críticas da educación. A EF de Calidade e a alfabetización física. O centro escolar, a educación física e a actividade deportiva e recreativa como lugar de educación de valores e fomento de estilos de vida activos e saudables. Introducción ao sistema educativo escolar e a outros contextos de intervención didáctica (ciclos formativos, ensinanzas deportivas de regulación especial, certificados de profesionalidade). Fundamentos curriculares para a programación da educación física escolar. Exercicio profesional como servizo e vocación educativa.</p> <p>Ademais, en relación ao xénero, atenderase ás seguintes directrices:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>· Incorporar a perspectiva de xénero nesta asignatura (empregarase unha linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos sexos, animarase aos estudantes a participar na clase...)</li><li>· Traballar para identificar e modificar prexuizos e actitudes sexistas e influír no entorno para modificalos e promover valores de respecto e igualdade.</li><li>· Detectar situacións de discriminación por razón de xénero e propor accións e medidas para corrixilas.</li></ul>				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
1.1. Comprender, caracterizar e aplicar os procedementos, estratexias, actividades, recursos, técnicas e métodos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe con eficiencia, desenvolvendo todo o curso da acción en todos os sectores de intervención profesional de actividade física e deporte (ensino formal e informal físico-deportivo; adestramento físico e deportivo; exercicio físico para a saúde; dirección de actividade física e deporte).	A41		
1.2. Comprender, analizar e simular a aplicación do proceso metodolóxico integrado pola observación, reflexión, análise, diagnóstico, execución, avaliación técnico-científica e/ou difusión en diferentes contextos e en todos os sectores de intervención profesional da actividade física e do deporte.	A42		
1.3. Comprender, comunicar e interactuar de forma adecuada (asertiva e empática) e eficiente en actividade física e deportiva en contextos de intervención diversos, demostrando habilidades docentes de forma consciente, natural e continuada.	A43		



1.4. Adaptar a intervención educativa ás necesidades individuais da poboación e enfatizando nas poboacións especiais: escolares, maiores (terceira idade), persoas con mobilidade reducida e patoloxías, problemas de saúde ou asimilados (diagnosticadas e/ou prescritas por un médico), atendendo á igualdade de xénero, á diversidade, á non discriminación e á inclusión.	A44		
3.1. Identificar, comprender, analizar e lembrar como promover, orientar e avaliar estratexias, actuacións e actividades que fomenten a adhesión a un estilo de vida activo e a participación e práctica regular e saudable de actividade física e deporte e exercicio físico de forma adecuada, eficiente e segura por parte dos cidadáns coa finalidade de mellorar a súa saúde integral, benestar e calidade de vida, e con énfase nas poboacións de carácter especial como son: persoas maiores (terceira idade), escolares, persoas con discapacidade e persoas con patoloxías, problemas de saúde ou asimilados (diagnosticadas e/ou prescritas por un médico), atendendo á igualdade de xénero, á diversidade, á non discriminación e á inclusión.	A52		
5.2. Identificar, analizar e aplicar a avaliación técnico-científica nos diversos tipos de actividades físicas e deportivas adaptadas ao desenvolvemento, características e necesidades dos individuos e a tipoloxía da actividade, espazo e entidade en todos os tipos de servizos de actividade, educación física e deporte en calquera tipo de organización, poboación, contexto, entorno e poboación, e con énfase nas poboacións de carácter especial como son: persoas maiores (terceira idade), escolares, persoas con discapacidade e persoas con patoloxías, problemas de saúde ou asimilados (diagnosticadas e/ou prescritas por un médico), e en calquera sector de intervención profesional de actividade física e deporte (ensino formal e informal físico-deportivo; adestramento físico e deportivo; exercicio físico para a saúde; dirección de actividade física e deporte), garantindo a seguridade, eficiencia e profesionalidade na actividade desempeñada no cumprimento da normativa vixente.	A61		
6.1. Lembrar e comprender as bases da metodoloxía do traballo científico, comprendendo como o fundamentan as bases pedagóxicas e didácticas nas intervencións profesionais en calquera sector de actividade, educación física e deporte.	A65		
6.2. Revisar, comprender e analizar o efecto e a eficacia da práctica de métodos, técnicas e recursos de investigación e metodoloxía de traballo científico e pedagóxico na resolución de problemas que requirirán o uso de ideas creativas e innovadoras en calquera sector de intervención profesional de actividade, educación física e deporte.	A66		
6.3. Comprender, analizar e articular con rigor e actitude científica as xustificacións pedagóxicas e didácticas sobre as que elaborar, sustentar, fundamentar e xustificar de forma constante e profesional todos os actos, decisións, procesos, procedementos, actuacións, actividades, tarefas, conclusións, informes e desempeño profesional, facilitando a comprensión das persoas a quen van dirixidos.	A67		
6.4. Comprender as razóns e criterios pedagóxicos e didácticos da elaboración de procedementos, procesos, protocolos normalizados en educación física e deporte con análise propio, rigor e actitude científica sobre puntos críticos de índole social, xurídica, económica, científica ou ética en calquera sector profesional de actividade física e deporte (ensino formal e informal físico-deportivo; adestramento físico e deportivo; exercicio físico para a saúde; dirección de actividade física e deporte).	A68		
7.1. Lembrar, integrar e saber aplicar os dereitos humanos, os principios éticos e deontolóxicos e de xustiza social (non discriminación, igualdade de xénero, inclusión) no compromiso persoal, desempeño, implicación profesional, así como ter hábitos de rigor científico e profesional e unha actitude constante de servizo aos cidadáns, empatía e asertividade no exercicio da súa práctica profesional co que se pretende a mellora, excelencia, calidade e eficiencia.	A69		
7.2. Lembrar, elaborar, tomar decisións informadas e saber aplicar os condicionantes ético-deontolóxicos, estruturais-organizativos, desempeño profesional e as normativas do exercicio profesional dos Graduados en Ciencias da Actividade Física e do Deporte en calquera sector profesional de servizos de actividade física, educación física e deporte (ensino formal e informal físico-deportivo; adestramento físico e deportivo; exercicio físico para a saúde; dirección de actividade física e deporte); así como ser capaz de desenvolver un traballo colaborativo multidisciplinar.	A70		
7.3. Comprender, saber explicar e difundir as funcións, responsabilidades e importancia dun bo profesional Graduado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, así como analizar, comprender, identificar e reflexionar de forma crítica e autónoma sobre a súa identidade, formación e desempeño profesional para conseguir os fins e beneficios propios da actividade física e deporte de forma adecuada, segura, saudable e eficiente en todos os servizos de actividade física, educación física e deporte ofrecidos e prestados e en calquera sector profesional de actividade física e deporte, considerando a súa relación co cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).	A71		
RAC1.2. Integrar á súa profesión o respecto pola diversidade e a equidade entre todas as persoas, implementando unha ollada inclusiva con perspectiva de xénero.	A73		



RAC4.1. Xestionar tempo e recursos en grupos de traballo (elaboración de plans, priorización de actividades, identificación e xestión de críticas, identificación de roles, xestión de reunións, cumprimento de compromisos persoais?).	A48		
RAC4.2. Planificar e coordinar tarefas en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, ofrecendo propostas que contribúan á eficacia do traballo colaborativo.	A37		
RAC4.3. Desenvolver a escoita activa nos grupos de traballo, mantendo unha actitude empática e asertiva.	A38		
RAC5.3. Elaborar textos de diversa indole, especialmente relacionados co teu perfil profesional, facilitando a comprensión das persoas a quen van dirixidos.	A39		

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. Fixando conceptos	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. A Educación, a Pedagogía, a Didáctica e as Ciencias da Educación</li> <li>b. A Pedagogía da actividade física e do deporte: Educación Física (EF) e Pedagogía Deportiva</li> <li>c. A Didáctica da actividade física e do deporte</li> </ul>
Tema 2. Bases pedagoxicas e as súas implicacións na EF	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. Ideoloxía e Currículum Oculto na EF: A loita da Reproducción fronte a Producción</li> <li>b. Teorías Críticas da educación: As Comunidades da Aprendizaxe na EF</li> <li>c. Estilos de Comunicación y Modelos Pedagóxicos aplicados a EF e o deporte</li> </ul>
Tema 3. A Educación Física de Calidade	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. Perspectiva ecolóxica da Educación Física</li> <li>b. Educación Física de Calidade</li> <li>c. Alfabetización Física</li> <li>d. Centros educativos activos e saudables</li> </ul>
Tema 4. Un/unha Bo/a docente de EF e actividades deportivas	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. O pensamento: Coñecemento profesional e preocupacións docentes</li> <li>b. O comportamento: Destrezas docentes</li> </ul>
Tema 5. Un/unha alumna ben educado físicamente	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. O pensamento do/o alumno/a: Autoconceito, percepcións, motivación, atención e atribución causal</li> <li>b. O comportamento do/o alumno/a: Aspectos cuantitativos (variables de contexto, programa e diferenzas individuais) e cualitativos (estilos de participación)</li> </ul>
Tema 6. Atención á diversidade e educación en valores na EF e no deporte en idade escolar	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. Principios de individualización e socialización</li> <li>b. Atención a Diversidade individual e social na EF</li> <li>c. Integración e inclusión. El Diseño de aprendizaje universal (DUA) na EF</li> <li>d. Educación en valores</li> <li>e. Valores abordables desde a Educación Física e o deporte en idade escolar</li> </ul>
Tema 7. Actividade Física e a Educación física no contexto escolar na lexislación actual	<ul style="list-style-type: none"> <li>a. Lexislación educativa e proceso de concreción curricular: desde a lei á aula</li> <li>b. Documentos y órganos relevantes del centro educativo: Proyecto Educativo, Programación Anual de centro, Planes de centro, Programación de aula, Claustro y Consello Escolar.</li> <li>c. Elementos didácticos do proceso de ensino-aprendizaxe: <ul style="list-style-type: none"> <li>1. Competencias</li> <li>2. Objetivos</li> <li>3. Contenidos</li> <li>4. Estrategias docentes: Métodos de enseñanza; Estilos de enseñanza; agrupamentos?</li> <li>5. Situaciones de aprendizaje/Tareas/Actividades</li> <li>6. Criterios e instrumentos de evaluación</li> </ul> </li> <li>d. Unidad Didáctica (UD) y Sesión <ul style="list-style-type: none"> <li>1. Modelos de UD</li> <li>2. Estructura y Tipos de sesión</li> </ul> </li> </ul>



Tema 8. Outros contextos de intervención didáctica (ciclos formativos, ensinanzas deportivas de regulación especial, certificados de profesionalidade)	<p>a. Definición de contextos de intervención na actividade física formal (no EF) e non formal.</p> <p>b. Lexislación e normativa e proceso de concreción curricular nestes contextos educativos</p>
Tema 9. Diseño e aplicación da intervención no proceso de ensino-aprendizaxe	<p>a. La Pedagogía de la Actividad Física y el Deporte aplicada a los procesos educativos en el contexto de la Actividad Física</p> <p>b. Elaboración de UD's na educación física e o deporte.</p> <p>c. Deseño e desenvolvemento de sesións na educación física e deportes.</p> <p>d. Avaliación de sesións na educación física e deportes.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A41 A61 A65 A71 A69 A70 A73	35	32	67
Actividades iniciais	A52 A73	4	4	8
Discusión dirixida	A38 A42 A52 A67 A73	6	6	12
Práctica de actividade física	A38 A43 A44 A52 A61 A69 A73	8	0	8
Portafolios do alumno	A37 A39 A41 A42 A44 A52 A61 A65 A66 A67 A68 A73	10	35	45
Aprendizaxe colaborativa	A48 A37 A38 A41 A52 A73	10	20	30
Proba mixta	A41 A42 A44 A52 A61 A67 A73	4	20	24
Solución de problemas	A39 A65 A66	6	4	10
Eventos científicos e/ou divulgativos	A61 A65 A66	2	0	2
Presentación oral	A48 A37 A38 A41 A42 A43 A44 A73	2	4	6
Análise de fontes documentais	A52 A61 A65 A67 A68	3	6	9
Atención personalizada		4	0	4

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	<p>“Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.</p> <p>A clase maxistral é tamén coñecida como “conferencia”, “método expositivo” ou “lección maxistral”. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.”</p>
Actividades iniciais	<p>Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.</p>



Discusión dirixida	Técnica de dinámica de grupos na que os membros dun grupo discuten de forma libre, informal e espontánea sobre un tema, aínda que poden estar coordinados por un moderador.
Práctica de actividade física	Metodoloxía que permite ó alumnado aprender de forma efectiva, a través de actividades físicas e/ou deportivas de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, etc., a execución dos fundamentos psicomotores e/ou sociomotores das distintas habilidades deportivas.
Portafolios do alumno	É unha carpeta ou arquivador ordenado por seccións, debidamente identificadas ou etiquetadas, que contén os rexistros ou materiais produto das actividades de aprendizaxe realizadas polo alumno nun período de tempo, cos comentarios e cualificacións asignadas polo profesor, o que lle permite visualizar o progreso do alumno. O portafolios ou carpeta inclúe todo o que fai o alumno, como: apuntes ou notas de clases, traballos de investigación, guías de traballo e o seu desenvolvemento, comentarios de notas, resumes, probas escritas, autoavaliacións, tarefas desenvolvidas, comentarios de progreso do alumno realizado polo profesor, etc.
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Proba mixta	“Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.  En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.”
Solución de problemas	Técnica mediante a que se ten que resolver unha situación problemática concreta, a partir dos coñecementos que se traballaron, que pode ter máis dunha posible solución.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Actividades realizadas polo alumnado que implican a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) co obxectivo de profundar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia. Estas actividades proporcionan ao alumnado coñecementos e experiencias actuais que incorporan as últimas novidades referentes a un determinado ámbito de estudo.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón a utilización de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para a análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno	Aquel alumnado que, por motivos xustificadas, non poida asistir ao 70% das sesións, deberá falar co profesorado da asignatura nas dúas primeiras semanas de clase. Da mesma maneira, deberá falar co profesorado calquera alumnado con
Proba mixta	cuestións persoais que condicionen a súa participación na materia (ADI, DAN...).
Solución de problemas	As tutorías e os demais medios de comunicación profesorado/alumnado, realizaránse personalmente no despacho do/a profesor/a, correo electrónico, moodle o teams
Presentación oral	A presentación oral, requirirá a tutorización personalizada para adecuar a elección do modelo de práctica e o caso obxecto de estudo, para adecuar a elección de obxectivos, o contido e guiar a totalidade do proceso.  Ó alumnado con matrícula parcial organizaráselles-adaptaráselle individualmente a materia ás súas características para que poidan alcanzar os mesmos resultados de aprendizaxe que o resto do alumnado.  As titorías e demais medios de comunicación profesorado/alumnado realizaránse por correo electrónico, teams, moodle, ou presencial no despacho do profesorado.



## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A37 A39 A41 A42 A44 A52 A61 A65 A66 A67 A68 A73	Informe/dossier (Portafolios) con cada unha das prácticas realizadas (SE.3), pasando un proceso de hetero, auto e coavaliación (SE5).	40
Proba mixta	A41 A42 A44 A52 A61 A67 A73	Probas específicas teórico-prácticas en diferentes formatos (SE1).	60

## Observacións avaliación

Avaliación continua:- Para optar á avaliación continua, é necesario cumprir a asistencia obrigatoria ao 70% das sesións (en casos xustificadas, falar co profesorado da materia durante as dúas primeiras semanas do curso).- Deberá presentarse o informe/dossier (Portafolios) con cada unha das prácticas realizadas (SE.3) e pasar un proceso de hetero, auto e coavaliación (SE5):o 1º Cuatrimestre. 2 puntos o 2º Cuatrimestre. 2 puntos- Deberá superar as probas específicas teórico-prácticas (proba mixta) en diferentes formatos (SE1):o 1º Cuatrimestre. 3 puntos o 2º Cuatrimestre. 3 puntos- Para aprobar a asignatura na primeira oportunidade, deben superarse cada unha das probas específicas e o informe/dossier.- A maiores, o alumnado poderá presentar a asistencia a outras actividades que complementen a asignatura (SE.6.)o 1 punto (este punto non servirá para aprobar, só se sumará una vez estén aprobados cada un dos apartados anteriores).Avaliación final:- De non cumprirse os requisitos para optar á avaliación continua, o alumno terá que ir á avaliación final. Esta consiste nunha proba mixta na que debe obterse un mínimo de 7/10 para aprobar a asignatura.2ª oportunidade:- Avaliación continua: - Aquel alumnado que cumprindo os requisitos para a avaliación continua en 1º oportunidade, suspenderan a proba mixta e/ou o Portafolios, terán que recuperar, unicamente, a/s parte/s suspensa/s.- O alumnado que suspendera a avaliación final (nota inferior a 7/10) na primeira oportunidade, terá que repetir a proba mixta coas mesmas condicións que na primeira oportunidade.Convocatorias sucesivas:- De non superarse a asignatura no presente curso, de cara a convocatorias posteriores, conservarase a nota da proba mixta ou a do Portafolios (sempre e cando estean aprobadas na suavizante totalidade).ESTUDANTES DE DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL:En función das súas posibilidades de asistencia e participación acordarase, por escrito, cos/as estudantes de dedicación a tempo parcial, un modelo alternativo das diferentes actividades de desenvolvemento e avaliación dos diferentes temas e apartados de avaliación, atendendo a un plantexamento de horas de dedicación equivalente aos/as estudantes de matrícula a tempo completo.En concordancia cos plantexamentos de sustentabilidade que está a promover a Universidade da Coruña, na medida do posible seguiranse as seguintes pautas:1.- A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:1.1. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informático 1.2. Realizarase a través de Moodle ou Teams, en formato dixital sen necesidade de imprimilos1.3. De realizarse en papel:- Non se empregarán plásticos.- Realizaranse impresións a dobre cara.- Empregarase papel reciclado. - Evitarase a impresión de borradores.2.- Débese facer un uso sustentable dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural3.- Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionaisA realización fraudulenta de probas ou actividades de avaliación implicará a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa a falta e respecto da materia en que se cometese: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario (Regulamento disciplinar do estudiantado da UDC, art. 11, apdo 4 b). Entenderase por fraude académica calquera comportamento premeditado tendente a falsear os resultados dun exame ou traballo, propio ou alleo, realizado como requisito para superar unha materia ou acreditar o rendemento académico (Lei 3/2022, do 24 de febreiro, de convivencia universitaria; art. 11, apdo g).

## Fontes de información



## Bibliografía básica

- Arufe, V. (2011). La educación en valores en el aula de EF. ¿Mito o realidad? *EmásF, Revista Digital de Educación Física*, 2(9). <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3618413>
- Benítez Sillero, J.D. (2017). La diferencia entre trabajar ¿por? competencias y la contribución al desarrollo ¿de? las competencias clave en educación física. *Trances*, 9(4), 579-596. Recuperado de <https://www.reefd.es/index.php/reefd/article/view/425/414>
- Blázquez, D. (2020). Descubre cómo es la educación física del siglo XXI. INDE, pp. 150-157
- Capella Peris, C.; Gil Gómez, J. y Martí Puig, M. (2014) La metodología del aprendizaje-servicio en la educación física. *Apunts. Educación Física y Deportes*, 116(2),33-43 Recuperado de <http://www.revista-apunts.com/es/hemeroteca?article=1633>
- Carreiro-da-Costa, F. (2019). Educación Física como proyecto de innovación y transformación cultural. *Revista Caribeña de Investigación Educativa (RECIE)*, 3(2), 19-32. <https://doi.org/10.32541/recie.2019.v3i2.pp19-32>
- Carrera Moreno, D. (2015) Tareas integradas: características. La aportación desde el área de la educación física. *EmásF, Revista Digital de Educación Física*, 6(35), 161-175. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5391134>
- Carrera Moreno, D. (2016) Como crear nuevos deportes desde la educación física. El aprendizaje por proyectos como estrategia práctica motivante. *EmásF: Revista digital de Educación Física*, 38, 103-118. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5351995>
- Carriedo, A. y Cecchini, J.A. (2019). ¿Cómo aumentar la actividad física diaria dentro del horario escolar? Ejemplo de un proyecto de intervención interdisciplinar entre educación física y matemáticas. *Journal of Sport and Health Research*, 11(1),221-230.
- Chamorro, C., Casas, R., y Fernández-Río, J. (2020) Retos, proyectos, medio ambiente y nuevas tecnologías en Educación Física. *Inde*
- Fernández-Argüelles, D. y González-González de Mesa, C. (2018). Educación Física y Aprendizaje Cooperativo: una experiencia práctica. *Journal of Sport and Health Research*. 10(1),43-64. Recuperado de <http://www.journalshr.com/index.php/issues/67-vol-10-n1-january-april-2018/290-fernandez-argueelles-d-gonzalez-gonzalez-de-mesa-c-2018-educacion-fisica-y-aprendizaje-cooperativo-una-experiencia-practica-journal-of-sport-and-health-research-10143-64>
- Fernández-Río, J. (2017) El Ciclo del Aprendizaje Cooperativo: una guía para implementar de manera efectiva el aprendizaje cooperativo en educación física. *Retos*, 32, 264-269 <https://recyt.fecyt.es/index.php/retos/article/view/51298>
- Fernandez-Río, J., Calderón, A., Hortigüela Alcalá, D., Pérez-Pueyo, A. y Aznar Cebamanos, M. (2016). Modelos pedagógicos en educación física: consideraciones teórico-prácticas para docentes. *Revista Española de Educación Física y Deportes*, 413, 55-75. Recuperado de <https://www.reefd.es/index.php/reefd/article/view/425/414>
- Figueras Comas, S., Capllonch Bujosa, M., Blázquez Sánchez, D. y Monzonis Martínez, N. (2016) Competencias básicas y educación física: estudios e investigaciones. *Apunts. Educación Física y Deportes*. 123, 34-43. Recuperado de <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=5418794>
- Flecha, R. y Puigbert, L. (2002). Las comunidades de aprendizaje: Una apuesta por la igualdad educativa. *REXE: Revista de estudios y experiencias en educación*, 1(1), 11-20.
- García López, L.M. y Diaz del Campo, D. M. (2016). *Aprendiendo a Enseñar Deporte. Modelos de Enseñanza comprensiva y Educación deportiva*. Barcelona. Inde
- García-González, L., Abós Catalán, A. y Sevil-Serrano, J. (2020). *Acción docente en educación física y actividades físico-deportivas. Teoría basada en evidencias científicas*. Zaragoza. Prensas de la Universidad de Zaragoza
- González-Vilamora, S. (coord.) (2020). *Innovando con el modelo de Educación Deportiva: si buscas resultados distintos, no eduques de la misma manera*. Sevilla, Aula Magna
- Hernaiz-Sánchez, A, Villaverde-Caramés, E., González-Valeiro, M.A. & Fernández-Villarino, M.A.(2021). *Physical Literacy and teacher training:Pilot study*. *Education Sciences*,11(2), 42. <https://doi.org/10.3390/educsci11020042>
- Lleixa, T. y Sebastiani, E.M. (Coordinadores) (2016). *Competencias clave y Educación física. ¿Cómo y para qué tenerlas en cuenta en la programación?* Barcelona. Inde
- Majó, F. y Baquero, M. (2014) 8 Ideas clave. *Proyectos interdisciplinarios*. Graó
- Mayor, A., Cantero,P., Fernández-Villarino, M.A.,Toja, B., y González-Valeiro, M.A. (2016). *Condições que deve cumprir uma escola para se converter em promotora de estilos de vida activos para os alunos*. *Gymnasium*, 1(2), 1-12.
- Navarro, D., Collado, J.A. y Pellicer, I. (2020). *Modelos Pedagógicos en Educación Física*. Publicaciones Universidad de León. Organización Mundial de la Salud. (2021). *Directrices de la OMS sobre actividad física y comportamientos sedentarios*. 9789240032194-spa.pdf (who.int)
- Pinheiro, V., Camerino, O., y Sequeira, P. (2013). *Recursos para potenciar el fair play en la iniciación deportiva*. *Retos*. Nuevas tendencias en Educación Física, Deporte y Recreación, 24, 97-99.
- Rosa, A., García-Cantó, E., y Pérez, J. J (2019). *Métodos de enseñanza en educación física: desde los estilos de enseñanza hasta los modelos pedagógicos*. *Trances*, 11(1), 1-30.
- Sánchez Alcaráz, B., López, J., Valero Valenzuela, A. y Gómez-Marmol, A. (2017). *Los programas de educación en valores a través de la Educación física y el deporte*. *Actividad física y deporte*.

Ciencia y profesión, 28, 45-58.

[https://www.researchgate.net/publication/316408091\\_Los\\_programas\\_de\\_educacion\\_en\\_valores\\_a\\_traves\\_de\\_la\\_educacion\\_fisica\\_y\\_el\\_deporte](https://www.researchgate.net/publication/316408091_Los_programas_de_educacion_en_valores_a_traves_de_la_educacion_fisica_y_el_deporte) Sebastiani, E. y Campos-Rius, J. (coordinadores) (2019). GAMIFICACIÓN en Educación Física Reflexiones y propuestas para sorprender a tu alumnado. Inde Tobón, S. (2010). Formación Basada en competencias. Bogotá, Colombia, Ecoe. UNESCO (2015) Educación física de calidad(EFC): guía para los responsables políticos-UNESCO. Biblioteca Digital.Vázquez, B. (2001). El Currículum oculto y las nuevas orientaciones en el estudio del currículum en la EF. En B. Vázquez (coord.). Bases educativas de la actividad física y el deporte. Madrid: Editorial Síntesis, pp. 277-287. Vázquez, B. (2001). La Pedagogía de la Actividad Física y el Deporte. En B. Vázquez (coord.). Bases educativas de la actividad física y el deporte. Madrid: Editorial Síntesis, pp. 25-46.Velázquez Callado (2015). Aprendizaje cooperativo en Educación Física: estado de la cuestión y propuesta de intervención. Retos, 28, 234-239.Velázquez Callado, C. (2018). El aprendizaje cooperativo en educación física: planteamientos teóricos y puesta en práctica. Human Relations, 2(2), 103.Villaverde-Caramés, E., Fernández-Villarino, M.A., Toja-Reboredo, B. & González-Valeiro, M.A. (2021): Revisión de la literatura sobre las características que definen a un buen docente de Educación Física: consideraciones desde la formación del profesorado. Retos, 41, 471-479. <https://doi.org/10.47197/retos.v0i41.84421>.





Bibliografía complementaria

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

## Observacións

Cara mellorar o proceso docente, recomendase aos estudantes levar a cabo as enquisas ?AVALÍA?&nbsp;propostas&nbsp;dende os servizos centrais da UDC.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías